



Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) para o financiamento dos programas de atención ambulatoria, de rehabilitación funcional e inclusión social de persoas con dano cerebral adquirido e do mantemento da federación e das entidades federadas.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coa Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 01/01/2017 ata o 31/12/2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o mantemento da federación e os seguintes programas:

- Promoción da autonomía persoal e de recuperación funcional das persoas afectadas de dano cerebral adquirido en situación de dependencia e ás súas familias a través de atención ambulatoria nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela e Vigo e que implica o desenvolvemento de actividades nas áreas terapéutica, ocupacional e social.
- Información e asesoramento a familias no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, dando especial atención á muller con discapacidade embarazada e ás súas familias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte: a entidade aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da





comunidade autónoma de Galicia para o ano 2017 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 29 de marzo de 2017.

